

POXA DE APROVEITAMENTOS MADEIRABLES

PREGO DE CONDICIÓN

**COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
DE CARRAIS
(ROIS – A CORUÑA)**

POXA DE APROVEITAMENTOS MADEIRABLES PREGO DE CONDICIÓN

A Xunta Reitora da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Carrais (Roís), en adiante A Propiedade, debidamente facultada, procede á venda de (1) un lote de madeira de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) en pé polo sistema de poxa a alza e plicas pechadas, coas seguintes

CONDICIÓN XERAIS:

Primeira.- Obxecto da poxa

O obxecto da presente poxa é o alleamento dos aproveitamentos madeirables cuxas características detállanse a continuación:

LOTE	MONTE	CONCELLO	ESPECIE	SUPERFICIE (ha)	Nº PÉS MEDIDOS	VOLUME ESTIMADO (m ³ cc)	PREZO BASE (€)	OBSERVACIÓNS
2026-01	MVMC de Carrais	Roís	<i>Eucalyptus globulus</i>	3,53	2.471	589,27	19.000	Corta a oito

Localizacións do lote:

<https://maps.app.goo.gl/AnWjhrhBPPcBF4aD6>

<https://maps.app.goo.gl/KsTDu1a98iXkh4sw6>

Xúntase plano de localización e esbozo da zona de corta ao final do prego.

Segunda.- Prezo base de licitación e prezo índice

Establécese un prezo base de licitación para o lote expresado na condición primeira, non admitíndose ofertar por debaixo deste valor. Establécese ademais un prezo índice superior ao prezo base, cuxo valor se reserva A Propiedade e que figurará nun sobre pechado que será aberto simultaneamente coa apertura das plicas de oferta dos licitadores.

Os prezos sinalados non inclúen o IVE.

Os custos de corta, procesado, saca e transporte a destino serán por conta do adxudicatario.

Terceira.- Fianzas

Establécese unha fianza do 10% do valor de alleamento do aproveitamento madeirable para resarcimento dos posibles danos contra a integridade do monte ou das súas infraestruturas. Esta contía permanecerá en depósito ata que finalizado o aproveitamento e efectuado o recoñecemento final, A Propiedade resolva sobre a súa devolución total ou parcial ao adxudicatario.

Cuarta.- Apertura de plicas

A poxa celebrarase o **luns 9 de marzo de 2026 ás 18:30 horas no local social da entidade** situado no lugar de **Carrais (Roís)**. A asistencia dos licitadores é opcional, se ben, polo mero feito de

presentarse á poxa aceptan expresamente todas condicións xerais e do aproveitamento descritas neste prego e o resultado do procedemento de apertura de plicas.

<https://maps.app.goo.gl/bd2x481KcopeZ9yU9>

A Mesa de adxudicación estará presidida por persoal técnico da Asociación Forestal de Galicia e decidirá no acto se procede ou non a adxudicación provisional do lote.

Quinta.- Prazo de presentación de proposicións

As ofertas presentáranse **ata as 14:00 horas do luns día 9 de marzo de 2026**, na **oficina da AFG en Santiago de Compostela** sita na Rúa do Vilar 33, 1º **en horario de 9:00 a 14:00 horas** sendo válidas todas as ofertas presentadas en man ou recibidas por correo certificado ou mensaxería, antes das 14:00 horas do luns 9 de marzo. Despois das 14:00 horas non se recollerá ningunha oferta.

Sexta.- Proposicións

Cada persoa licitadora presentará a súa oferta nun sobre pechado, podendo empregar o modelo que se facilita ao final deste prego. Farase indicación expresa no exterior do sobre do número ou denominación do lote ao que corresponda.

Sétima.- Adxudicación provisional

Na apertura de plicas permitírase un receso de 10 minutos no caso de non atoparse presentes todos os licitadores.

A adxudicación provisional realizarase ao mellor postor que reunindo as condicións esixidas, supere o prezo índice. De non superarse o prezo índice a Mesa de adxudicación resérvase o dereito de adxudicar ou non o lote.

No caso de que aparezan dúas ou máis ofertas iguais que representen a máxima vantaxe económica respecto das restantes, abrírase inmediatamente licitación verbal entre quen as tiveran formulado mediante “poxas á llana” durante quince minutos, pasados os mesmos, se o empate subsistira a adxudicación decídese por sorteo.

Oitava.- Adxudicación definitiva. Pagos e depósitos a efectuar polo adxudicatario.

A adxudicación será firme sempre que no prazo de 30 días naturais logo da adxudicación provisional se cumpran as seguintes formalidades:

- a) Ingreso da totalidade do prezo de adxudicación do lote, máis o IVE e a retención que corresponda.
- b) Formalización mediante ingreso en conta, cheque ou aval bancario da fianza establecida na condición xeral terceira deste prego.
- c) Presentación á A Propiedade dunha copia das solicitudes de aproveitamento madeireiro ou outros permisos sectoriais necesarios para o aproveitamento.

En caso de non cumprirse con estes condicionantes no prazo sinalado, o adxudicatario perderá todos os dereitos sobre o aproveitamento, incluída a fianza depositada.

Novena.- Reserva de anulación da poxa

A Propiedade resérvase o dereito de anular a poxa do lote se observasen erros ou anomalías, ou altercados que impidan celebrar a mesma con normalidade.

CONDICIÓN DO APROVEITAMENTO

Décima.- Entrega do aproveitamento e permisos de corta

Transcorridos, como máximo, 10 días dende a adxudicación provisional fixarase o día e a hora na que se efectuará a entrega do aproveitamento. Neste acto de entrega presentaranse a persoa adxudicataria e A Propiedade, podendo estar asistidos por unha persoa técnica forestal.

Nesta operación percorrerase a superficie do monte verificando o aproveitamento e a zona perimetral do mesmo, levantándose acta por duplicado na que se consigne a conformidade do adxudicatario coa existencia da cantidade e a clase dos produtos madeirables a aproveitar, ou en caso contrario faranse constar as incidencias producidas, así como as reclamacións e obxeccións que se formulen polos asistentes.

Os permisos necesarios para a realización da corta serán solicitados polo adxudicatario ante a Consellería do Medio Rural e/ou calquera outro organismo sectorial afectado que obrigue a obter autorización.

O adxudicatario presentará á A Propiedade nos 30 días seguintes á adxudicación provisional, copia das solicitudes de declaracións ou autorizacións aos diferentes organismos e administracións afectadas polo aproveitamento.

Undécima.- Control da corta

A Propiedade resérvase o dereito de exercer o control da corta e saca de madeira. O adxudicatario comprométese, e así queda obrigado, a comunicar á A Propiedade a data de inicio do aproveitamento con antelación suficiente.

Duodécima.- Prazo de execución

O prazo de remate do aproveitamento e tratamentos dos restos de corta será de **(7) sete meses** a contar desde **a data de apertura de plicas**.

Décimo terceira.- Responsabilidade laboral e de accidentes

O adxudicatario asume toda a responsabilidade en materia laboral, seguridade e hixiene no traballo dos traballadores que realicen o aproveitamento e transporte da madeira. A Propiedade exímese da responsabilidade de calquera dano tanto a persoas como a bens que poidan producirse polas operacións do aproveitamento.

Décimo cuarta.- Responsabilidades en infraestruturas

A reparación dos danos ocasionados nas pistas e estradas veciñais pola retirada de madeira, así como danos en infraestruturas de regadío, tendidos de subministro eléctrico ou de telecomunicacións, conducións subterráneas de auga potable ou outras construcións que poidan existir na zona de corta e vías de saca, serán a cargo do adxudicatario. Tamén será por conta do adxudicatario a apertura de novas vías en caso de ser necesarias para o aproveitamento, e deberán contar para a súa realización co consentimento de A Propiedade.

Décimo quinta.- Restos de corta

O adxudicatario comprométese a aproveitar axeitadamente a madeira das árbores obxecto de corta e as cepas resultantes deberán quedar a ras do terreo, non permitíndose que superen con carácter xeral os 10 centímetros de alto logo do aproveitamento. O tratamento dos restos de corta (pólas e rabeóns) será por conta do adxudicatario. Con carácter xeral, non se

permitirán restos de mais de 50 centímetros de longo ou amoreamentos dos mesmos sen triturar, unha vez finalizado o tratamento.

Os residuos que poida xerar a operación de corta e saca (latas de combustibles e aceites de engraxe, restos de pneumáticos repostos de ferramentas mecánicas e de vehículos, restos de cables, prendas de vestuario, restos de envases de bebidas ou de alimentos, etc.) serán obrigatoriamente retirados do monte polo adxudicatario a un vertedoiro autorizado.

Décimo sexta.- Areas de almacenamento de madeira

Tendo en consideración os riscos fitosanitarios, as áreas de almacenamento ou cargadeiros non deberán servir de almacén permanente, razón pola que a madeira non permanecerá depositada no monte por un período superior aos (5) cinco días, ou menor, se así o establece a administración competente.

Décimo sétima.- Recoñecemento final

Unha vez finalizado o aproveitamento e o tratamento dos restos de corta, o adxudicatario comunicará á A Propiedade, nun prazo inferior a (15) quince días naturais procederase a facer o recoñecemento final polas mesmas persoas que asistiron ao acto de entrega. Comprobarase que este se realizou de acordo cos condicionantes establecidos neste prego e na acta de entrega.

Rematada a operación estenderase unha acta por duplicado na que se recolla o resultado, en caso danos ou deficiencias darase traslado ao adxudicatario dos mesmos e do prazo para corrixilos ou da valoración económica da súa reparación que será retraída da fianza. Se os danos exceden desta contía, requirirase o abono da cantidade complementaria.

Rematada a operación de recoñecemento final sen imposición de responsabilidades ou liquidadas estas polo adxudicatario darase por concluído o aproveitamento.

Décimo oitava.- Xurisdición

As partes sométense á xurisdición do Tribunal de Conciliación e Arbitraje pertencente ao dominio de A Propiedade para a resolución de calquera conflito orixinado pola interpretación e/ou cumprimento do presente contrato.

Décimo novena.- Aceptación

O adxudicatario, polo mero feito de presentarse á poxa, sométese e acepta expresamente todas as condicións xerais e do aproveitamento anteriormente descritas.

En Rois (A Coruña), 12 de febreiro de 2026

A CMVMC de Carrais

MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dna., maior de idade con DNI nº
..... (xúntase fotocopia), actuando en representación de
..... con CIF nº
e domicilio social en provincia de
declárase ben enterado/a e acepta os pregos de condicións e demais documentos relativos á
poxa que se celebrará o día 9 de marzo de 2026 no local social da CMVMC de Carrais.

OFRECE polo lote nº 2026-01 do MVMC de Carrais a cantidade (en letra)
..... euros, (en número)
..... €.

En a de de 2026

